

...NO, AÚN NO...

## Yolanda Herranz Pascual

---

A miña esfera de interese vital e profesional é a Escultura e os meus núcleos de creación e investigación artística céntranse en: **Texto, Corpo, Xénero, Identidade e Existencia**.

Traballo con toda a potencialidade poética da linguaxe. As miñas propostas inclúen o espectador e xuntan referencias pictóricas, obxectuais e escultóricas dende unha obra envorcada sobre a palabra.

A creación supón, para min, como artista, unha busca constante da propia identidade a través da obra, que se enmarca en diferentes problemáticas do humano.

A nosa formulación de creación vai percorrendo diferentes lugares onde habita *a identidade*, asumindo, esta problemática, a busca do ser dende ángulos de entrada e posicionamentos distintos. Estes tránsitos, sempre diversos, potencian a comprensión dun mundo de relacións complexas.

As miñas obras propóñense para que dende o concepto, a emoción e a utopía enuncien espazos de pensamento:

- Son enigmas que permiten transcender o materialismo e a natureza do obxecto e a definición do escrito, son referencias veladas ao humano, que aluden ao espiritual.
- Tratan de acutar un lugar dual de ambigüidade e definen un espazo implicado xerando un campo de máxima abertura para a reflexión.
- Son unha visión persoal do mundo, do *outro*, visto a través de *min*; é unha visión que pretende ser rigorosa, lúcida e severa, e que opera nun campo de xogo atravesado por unha dirección con dous sentidos: ironía e paroxo.
- A súa mensaxe é o resultante da oscilación entre tres territorios: o poético, o conceptual e o crítico.

A escultura é a linguaxe no que sitúo o meu traballo artístico, e é quizais —entre todos os territorios de creación tradicionais— a que máis fonda transformación sofre durante a época contemporánea, ainda que o punto álxido desta radical transformación se produciu a partir de **mediados dos 60** a través de movementos vanguardistas como o minimal, o povera, o Land Art e sobre todo o más radical: a arte conceptual, que postulaba a desmaterialización da obra e a preponderancia da idea fronte á materialización.

**A escultura hoxe conta pouco como procedemento e moito como acontecemento.**

A arte é unha arma moi poderosa. Como artista formúlome a responsabilidade que implica ter nas mans ese poder. A arte é un medio de transformación do “*eu*” e do “*outro*”.

Dende formulacións que abordan como núcleo central as cuestións de identidade e xénero, considero a escultura como unha ponte entre o eu e o mundo con incidencia directa no social.

A miña obra xorde dun espazo de cuestionamiento no que se asume a oscilación entre dúas posicións:

- O meu compromiso coa vida (como ser humano e como muller)
- A busca da coherencia comigo mesma (como muller e como artista).

Concibo a “creación” como un nexo dobre e indivisible que xunta “pensamento” e “acción”.

As miñas obras son unha ponte entre o “*eu*” e o “mundo” visto a través do social. Nelas dáse unha implicación total de min mesma e reflecten o posicionamento vital e conceptual que asumo coa realidade na que estou inmersa.

O título da exposición:

**...NO, AÚN NO...**

Define un vínculo que posúe a máxima abertura: é un nexo onde o antes e o despois se descoñecen. É o lector-espectador quen ao proxectarse nas ausencias, completa coas súas experiencias eses baleiros.

**...NO, AÚN NO...** contén unha dobre negación que opera como afirmación dunha acción contida.

A partícula **Aún** retén o tempo e os puntos suspensivos (...) do inicio e do final (...) dilatan e deteñen a oración.

**...NO, AÚN NO...**

Implica: prego, súplica, pregaria...

**Rogo persistente... Pregaria infinita...**

**O meu traballo artístico** centra a súa reflexión no espazo definido polas contradicións orixinadas na busca da “*identidade*”.

Na primeira sala preséntanse varias obras enmarcadas no proxecto “Distancias e Abismos” que foi presentado no ano 2007 nunha grande exposición: *Pese al Paso del Tiempo*, en Salamanca (en cinco salas) xusto cando cumprín 50 anos. As obras do proxecto “Distancias e Abismos” abordan a relación, sempre conflitiva, entre o Mí e o Tú, na busca e a construcción da propia autonomía.

E Na parede frontal estará unha obra de extenso formato realizado en vinilo vermello sangue, titulada **SOMOS mujeres y ESTAMOS aquí**.

Nesta obra o material central é a palabra, e está conformada por 1.380 termos:

- **ESTAMOS:** (690 palabras en feminino e en plural, articuladas por orde alfabética).  
10 bloques con 69 palabras cada un.
- **SOMOS:** (690 palabras en feminino e en plural, articuladas por orde alfabética).  
10 bloques con 69 palabras cada un.

Algunhas cuestiós referidas ao texto que configura a performance:

Os 690 termos relacionados coa palabra ESTAMOS e os 690 termos relacionados coa palabra SOMOS, foron seleccionados de entre as 12.012 palabras que contén o dicionario da RAE, comezando pola letra “A”.

A letra “A” é a que inclúe e define, na lingua española, o xénero feminino (nos finais das palabras).

Neste texto cada palabra comeza coa letra “**A**” en maiúscula, e todos (os 1.380 termos) finalizan en feminino plural.

**SOMOS mujeres y ESTAMOS aquí** foi tamén a miña primeira performance e configurábase como unha oración, unha recitación sonora na que:

- A declamación instituíase en pregaria e en afirmación,
- A desmaterialización confirmábase en vontade,
- A procesión convertíase en manifestación.

Nela, o sucesivo encadeamento da pronunciación dos vocábulos conformaba a nosa ladaíña... Como nun mantra, a sonoridade da verbalización esvaecía a súa materialidade, disolvía os significados e revelábase en enerxía, nesta acción.

Cando a obra se fai instalación, na súa materialización, encárnase en vinilo vermello sangue e formalízase en dúas partes, que teñen que verse á vez (a unha fronte á outra).

O Proxecto **SOMOS mujeres y ESTAMOS aquí**, é unha **obra** que é **texto** que é unha **obra**:

É **palabra**, no texto **escrito**.

É **texto**, no seu rexistro no **libro**.

É **debuxo**, na súa incursión sobre o **papel**.

É **pintura**, na súa irrupción sobre a **parede**.

É **escultura**, na súa intervención sobre a **arquitectura**.

É **instalación**, na súa integración sobre o **muro**.

É **acción**, na súa declamación e representación durante a **performance**.

**SOMOS mujeres y ESTAMOS aquí** é definición... oración, recitación, ladaíña... palabra, silencio...

Perseguimos a aprehensión do significado do que non se pode definir; aínda que na obra o intentamos a través das numerosas voces que se pronuncian...

**SOMOS mujeres y ESTAMOS aquí** é discurso... enunciación, pronunciación, manifestación... texto, desmaterialización...

Este proxecto logrou concretar unha das miñas proposicións esenciais para as obras, que é alcanzar o máximo de significación co mínimo de encarnación e de presenza.

No centro da primeira sala presentamos unha instalación escultórica de chan realizada específicamente para esta exposición. A obra leva por título: *Desterros XVI*, mide 17 metros e está conformada por máis de 200 elementos que interveñen dialogando coa arquitectura e o lugar. O proxecto “Desterros” centra a súa reflexión en conceptos vinculados co ser errante, o tránsito sen destino, o abandono, o afastamento, a soildade, a ausencia, a perda...

No inicio da segunda sala aparece a obra titulada: ...**No, Aún No...**, realizada en vinilo ouro, e que dá título a esta mostra. Foi concibida como un labirinto concéntrico e circular, que obrigaba o espectador a realizar un percorrido visual continuo. A recitación do escrito acolle cada lector na rede das nosas interdependencias emocionais. Así, a repetición incansable e a circularidade inesgotable do texto suscitan que a súplica persevere... en oración perpetua...

“...**No ...Aún... No me dejes... No ...Aún... No...**”

#### **Desamores e Abandonos**

A segunda sala articúlase a través de 11 dípticos enmarcados no proxecto: “El Arte Sana / El Arte Cura” Serie: “Autorretratos”. Estas obras foron realizadas específicamente para esta exposición no MARCO.

Son once autorretratos enlazados con textos que prometen unha introspección nas zonas sombrías.

Nas siluetas discernimos rostros perplexos e imprecisos... innombrables, nos que a propia autora se recoñece.

O autorretrato ten moito de radiografía do espírito que nos axuda desvelar e a pensar sobre o *si mesmo*... sobre nós mesmos.

Nestas radiografías, resoan ecos e negacións que acollen un verde (esperanza) escuro: nos abocan a vernos como somos:

#### **Negruras tatuadas na alma**